

Pasaporte á LONXEVIDADE



Numerosos estudos científicos teñen manifestado ao longo dos anos que realizar exercicio físico con regularidade contribúe na mellora da lonxevidade e a calidade de vida. Sen ir máis lonxe, unha investigación publicada en 2024 no British Journal of Sports Medicine evidenciaba que os deportes de raqueta podían aumentar a esperanza de vida en case 10 anos e a natación en 3,4 anos.

Que é o Pasaporte á Lonxevidade?

É un documento con formato de pasaporte no que atoparás retos saudables para facer nos centros MultiSan (MULTIusos Fontes do Sar e SANTA Isabel) que che axudarán a gañar en saúde, en benestar e a VIVIR MÁIS E MELLOR.

Como funciona?

1. Recolle o teu pasaporte en calquera das tres recepcións (Multiusos, piscina de Sar, Santa Isabel), en cafetaría ou no centro de estética.
2. Cumpre con 4 dos retos que atoparás en cada un dos 4 bloques do pasaporte (actividades acuáticas, adestramento en sala, actividades dirixidas e actividades especiais). Cada vez que comeces e remates un desafío, avisa ao instrutor/a de sala, ao persoal de control de accesos ou ao persoal de salvamento e socorrismo de piscina, en función do reto do que se trate.
3. Unha vez consigas facer os 16 retos e teñas selado o pasaporte ao completo, entrégao na recepción dos centros e regalaremosche unha camiseta exclusiva de MultiSan. Ah! E se es dos primeiras 10 persoas en facelo, terás amais un mes gratis de ximnasio!

A promo ten algunha condición?

1. A promoción está limitada a 1 pasaporte semestral por persoa.
2. A promoción está limitada a un total de 300 pasaportes.